

Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións e axudas**

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A SOCIEDADES DE CAZA E ASOCIACIONES DE PERSONAS CAZADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA ACTUACIONES DURANTE O EJERCICIO DE 2026

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A SOCIEDADES DE CAZA E ASOCIACIONES DE PERSONAS CAZADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA ACTUACIONES DURANTE O EJERCICIO DE 2026

BDNS(Identif.):893287

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/893287>)

1. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas as sociedades de caza e asociacións de persoas cazadoras, sempre que estean legalmente constituídas e teñan o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

Actuacións subvencionables Son actuacións susceptibles de axuda aquelas destinadas ao apoio ás sociedades de caza e asociacións de persoas cazadoras para desenvolver actuacións que fomenten a recuperación e a conservación dos recursos naturais e cinexéticos que teñan por obxecto:

- Accións destinadas a mellorar o hábitat, coma rozas, sementeiras e podas.
- Accións destinadas a mellorar a adaptación ao hábitat das especies, coma a realización de biótupos.
- Compra de material non inventariable, coma sementes e praguicidas legalmente autorizados.
- Compra de material de seguridade, coma chalecos de seguridade, gorras etc., sempre que non sexa material inventariable.
- Accións destinadas ao mantemento do Terreo Cinexeticamente Ordenado (en diante, TECOR), tales como seguros e gardería.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:5PWQCHOCPPJLBMFC



Martes, 17 de marzo de 2026

Núm. 52

2. Lexislación aplicable

Bases de subvencións aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra de 27 de febreiro de 2026; Bases de execución do Orzamento provincial do ano 2026; LXS; Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LXS; Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e demais lexislación de aplicación.

3. Contía

120.000,00 €

4. Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

5. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva.
- Criterios de valoración: os establecidos na base décimo segunda da convocatoria.
- Gastos subvencionables: os necesarios para desenvolver a actividade obxecto de subvención.
- Compatibilidade: compatibles con outras axudas recibidas doutros organismos sempre que non se supere o custo da actuación.
- Forma de pago: transferencia.
- Forma de xustificación: mediante unha memoria explicativa na que se sinala que os gastos se aplicaron á finalidade prevista e a conta xustificativa na que se detallen as facturas.
- Prazo máximo de xustificación: as actuacións deberán rematar antes do 31 de decembro de 2026, e as entidades beneficiarias deberán xustificalas antes do 31 de marzo de 2027.

Pontevedra, 16/03/2026

O presidente, Luis López Diéguez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:5PWQCHOCPPJLBMFC

